



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

ANUALIDADE:

2016-2017

TÍTULO:

**SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE
SANXENXO**

ÁMBITO DE APLICACIÓN:

TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO

PROMOTOR:

CONCELLO DE SANXENXO

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:

JOSÉ MARÍA TRONCOSO VIÑAS

ORZAMENTO DE LICITACIÓN:	80.000,00 € (21% IVE incluído)
DATA:	MARZO DE 2016



CONCELLO DE
SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE
BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO.**

ÍNDICE

1. OBXECTO DO CONTRATO
2. RELACIÓN DA TOTALIDADE DE PRAIAS NAS QUE SE EXECUTARÁN OS BALIZAMENTOS
3. RELACIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DOS BALIZAMENTOS NA TOTALIDADE DAS PRAIAS OBXECTO DO PRESENTE PREGO
4. DISTRIBUCIÓN DOS BALIZAMENTOS A REALIZAR NA TOTALIDADE DAS PRAIAS OBXECTO DO PRESENTE PREGO
5. VALORACIÓN ANUAL ESTIMADA, A TANTO ALZADO, DO BALIZAMENTO DE CADA PRAIA.
6. NORMAS E REGULAMENTACIÓNS BÁSICAS PARA A INSTALACIÓN DOS BALIZAMENTOS
7. ACTUACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO A REALIZAR POR PARTE DO ADXUDICATARIO PARA LEVAR A CABO O BALIZAMENTO DAS PRAIAS
8. MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO. REPARACIÓN E REPOSICIÓN DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO
9. RETIRADA, CARGA, TRANSPORTE, ACOPIO, ENTREGA, INVENTARIADO, GARDA E CUSTODIA DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS AO FINALIZAR CADA TEMPADA DE VERÁN
10. ENTREGA Á ADMINISTRACIÓN E INVENTARIADO DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS. GARDA E CUSTODIA DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS ATA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO
11. VIXENCIA DO CONTRATO. INSTALACIÓN E RETIRADA DO BALIZAMENTO
12. PRÓRROGA DO CONTRATO
13. GARANTÍAS
14. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
15. REVISIÓN DE PREZOS
16. ORZAMENTO DE LICITACIÓN. FORMA DE PAGAMENTO

1. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas, a prestación do servizo de balizamento das praias do termo municipal do Concello de Sanxenxo.

A vixencia do presente contrato comprende **unha (1) anualidade, coa posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha delas**, acoutada nos seguinte período:

➤ **Do 2 de xuño de 2016 ao 2 de xuño de 2017.**

As actuacións a realizar consistirán na **limpeza, acondicionamento, reparación, reposición, traslado, montaxe, desmontaxe, retirada, acopio, garda e custodia**, do material necesario para o correcto balizamento das praias do termo municipal de Sanxenxo reflectidas no presente Prego.

2. RELACIÓN DA TOTALIDADE DE PRAIAS NAS QUE SE EXECUTARÁN OS BALIZAMENTOS.

A relación da totalidade de praias do Concello de Sanxenxo nas que o adxudicatario deberá executar os balizamentos, serán as seguintes:

- 1) Praia de Agra.
- 2) Praia de Areas.
- 3) Praia da Panadeira.
- 4) Praia de Silgar.
- 5) Praia de Baltar.
- 6) Praia de Caneliñas.
- 7) Praia de Canelas.
- 8) Praia de Paxariñas.
- 9) Praia de Montalvo.
- 10) Praia de Bascuas.
- 11) Praia de Pragueira.
- 12) Praia de Major.
- 13) Praia de Foxos.
- 14) Praia de Nosa Señora de A Lanzada.
- 15) Praia de Areas Gordas.
- 16) Praia de A Lapa.

3. RELACIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DOS BALIZAMENTOS NA TOTALIDADE DAS PRAIAS OBXECTO DO PRESENTE PREGO.

A relación da totalidade do material necesario para realizar os balizamentos nas praias obxecto do presente Prego e nomeadas no apartado anterior será a seguinte:

- 1) 213 unidades de mortos de formigón de dimensións varias, para fondeo, incluso a parte proporcional de elementos de suxeición (cadeas de aceiro, grifóns de aceiro, etc.) que sexan necesarios para a súa unión coa correspondente boia.
- 2) 165 unidades de boias esférico-cónicas amarelas de 80 cm. de diámetro, fabricadas en PE, para a instalación da banda de litoral.
- 3) 8 unidades de boias bicónicas verdes de 80 cm. de diámetro, fabricadas en PE, para a instalación dos canais náuticos.
- 4) 8 unidades de boias cilíndrico-cónicas vermellas de 80 cm. de diámetro, fabricadas en PE, para a instalación dos canais náuticos.



- 5) 16 unidades de boias bicónicas verdes de 40 cm. de diámetro, fabricadas en PE, para a instalación dos canais náuticos.
- 6) 16 unidades de boias cilíndrico-cónicas vermellas de 40 cm. de diámetro, fabricadas en PE, para a instalación de canais náuticos.
- 7) 8 unidades de canal náutico, formado cada un deles por dúas cordadas de 100 ml. de lonxitude aproximada cada unha, incluso a parte proporcional de boiaríns e demais elementos necesarios para a súa correcta instalación.
- 8) 2.370 metros lineais de corcheiras para a súa instalación entre as boias da banda de litoral, formadas por cabo de poliestyl, boiaríns e demais elementos necesarios para a súa correcta instalación.

A TOTALIDADE DESTES MATERIAIS É DE PROPIEDADE MUNICIPAL. Si para levar a cabo o servizo de balizamento das praias, fose necesario repoñer parte deste material (por motivos do seu estado de conservación, incumprimento de normativa ou descatalogación do mesmo, facilidade e/ou operatividade para instalación do balizamento ou calquera outra causa debidamente xustificada), esta reposición realizarase con materiais homologados para balizamentos, de igual ou superior calidade que os existentes; sendo por conta, risco e ventura do adxudicatario a súa adquisición, reposición e dotación deste material (QUE PASARÁ A SER DE PROPIEDADE MUNICIPAL) á Administración contratante, sen que por elo o Concello de Sanxenxo teña que abonar ningún tipo de contraprestación económica ou de calquera outro tipo por este motivo ao adxudicatario do servizo.

4. DISTRIBUCIÓN DOS BALIZAMENTOS A REALIZAR NA TOTALIDADE DAS PRAIAS OBXECTO DO PRESENTE PREGO.

A relación da totalidade do material necesario para o balizamento das praias vinculadas ao presente Prego e reflectido no apartado 3., distribuirase e instalarse en cada praia de acordo ao establecido no seguinte cadro:

PRAIA	Boias esfer-cónic amarelas Ø 80 cm.	Corcheiras	Boias bicónicas verdes Ø 80 cm.	Boias cilíndrico-cónic vermellas Ø 80 cm.	Boias bicónicas verdes Ø 40 cm.	Boias cilíndrico-cónic vermellas Ø 40 cm.	Canal Náutico (CN)	Distribución	Tipolox. Balizamento
AGRA	6	SI	-	-	-	-	NO	6 boias	a)
AREAS	10	SI	1	1	2	2	SI	8+CN+2	b)
PANADEIRA	5	SI	-	-	-	-	NO	5 boias	a)
SILGAR	19	SI	1	1	2	2	SI	5+CN+14	b)
BALTAR	14	SI	-	-	-	-	NO	14 boias	a)
CANELINAS	7	SI	-	-	-	-	NO	7 boias	a)
CANELAS	12	SI	1	1	2	2	SI	7+CN+5	b)
PAXARIÑAS	4	SI	1	1	2	2	SI	CN+4	b)
MONTALVO	23	NO	1	1	2	2	SI	13+CN+10	c)
BASCUAS	8	NO	-	-	-	-	NO	8 boias	d)
PRAGUEIRA	10	NO	1	1	2	2	SI	CN+10	c)
MAJOR	18	NO	1	1	2	2	SI	3+CN+15	c)
FOXOS	12	NO	-	-	-	-	NO	12 boias	d)
NOSA LANZADA S ^a	3	NO	-	-	-	-	NO	3 boias	d)
AREAS GORDAS	8	NO	-	-	-	-	NO	8 boias	d)
A LAPA	6	NO	1	1	2	2	SI	6+CN	c)

Esta distribución de balizamento poderá ser variada en función das directrices e indicacións que se establezan por parte dos Servizos Técnicos Municipais.

A totalidade dos metros lineais de corcheiras instalaranse e distribuiranse segundo as necesidades de cada praia, podendo ser variada esta distribución en función das directrices e indicacións que se establezan por parte dos Servizos Técnicos Municipais.



5. VALORACIÓN ANUAL ESTIMADA, A TANTO ALZADO, DO BALIZAMENTO DE CADA PRAIA.

A valoración anual estimada, a tanto alzado, do balizamento en cada praia queda da seguinte forma:

PRAIA	Tipoloxía de balizamento	Valoración anual estimada "a tanto alzado" (IVE incluído)
AGRA	a)	2.500,00 €
AREAS	b)	7.000,00 €
PANADEIRA	a)	1.500,00 €
SILGAR	b)	11.500,00 €
BALTAR	a)	7.500,00 €
CANELINAS	a)	3.500,00 €
CANELAS	b)	8.000,00 €
PAXARIÑAS	b)	3.500,00 €
MONTALVO	c)	10.000,00 €
BASCUAS	d)	2.500,00 €
PRAGUEIRA	c)	5.000,00 €
MAJOR	c)	8.000,00 €
FOXOS	d)	3.500,00 €
Nosa S ^a LANZADA	d)	1.000,00 €
AREAS GORDAS	d)	2.000,00 €
A LAPA	c)	3.000,00 €
TOTAL		80.000,00 €/ano

Para a determinación destes prezos tómanse como referencia os antecedentes dos expedientes contractuais previos que obran neste Concello, comprobados por indagacións ou estudos de mercado de tarefas análogas.

Diferéncianse 4 tipoloxías básicas de balizamento que son:

- a) Xenérica (morto de fondeo + boia de banda de litoral + corcheiras).
- b) Xenérica con canal náutico (CN) para entrada e saída de embarcacións.
- c) Xenérica (sen corcheiras) + canal náutico.
- d) Xenérica sen corcheiras.

Os licitadores, nas súas ofertas, poderán desagregar os prezos por praias de acordo á identificación de materiais, tipoloxías de balizamento e prezos indicados no presente Prego.

Poderase desagregar, se é posible, os prezos de cada praia por tarefas (limpeza, acondicionamento, reparación, traslado, montaxe, desmontaxe, retirada, acopio, garda e custodia, etc.), coa maior desagregación posible.

Os prezos parciais por praias poden ser variados sen alterar o prezo global establecido (80.000 €/ano, 21% IVA incluído), sempre que se xustifique debidamente no Anexo II do PCAP que se acompañe á oferta presentada. Esta variación deber ser admitida ou rexeitada polo Órgano de Contratación de forma xustificada, previo informe técnico correspondente.

No suposto de non poder proceder ao balizamento dalgunha das praias incluídas no presente Prego, procederase a efectuar un modificado detraendo o prezo parcial establecido para a praia afectada. Deberá motivarse a non instalación en causas sobrevidas por imposición legal, normativa, de instrucións das administracións sectoriais correspondentes que sexan de obrigado cumprimento ou de imposibilidade física, ambiental ou similar debidamente acreditado nun expediente tramitado ao efecto.

O parcial de detracción será o que figure neste Prego para a praia/as en cuestión, con aplicación do porcentaxe de baixa da oferta do adxudicatario, a salvo que se fixera uso por parte do

adxudicatario da aplicación de variacións de prezos parciais por praias, sempre que houbese sido admitido pola Admón. no procedemento de licitación.

6. NORMAS E REGULAMENTACIÓNS BÁSICAS PARA A INSTALACIÓN DOS BALIZAMENTOS.

Para a instalación dos balizamentos das praias previstas no presente Prego, o adxudicatario deberá rexerse e cumprir coas seguintes normas e regulamentacións:

- R.D. 1835/1983, de 25 de maio, polo que se adopta para o sistema de balizamento das costas o sistema de balizamento marítimo da Asociación Internacional de Sinalización Marítima (AISM).
- Resolución do Presidente de Portos do Estado, de 12 de maio de 1998, para o balizamento das zonas de baño en praias, lagos e superficies de auga interiores.
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembro, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Desenvolvemento e execución da Lei de Costas.
- Normas de seguridade e recomendacións da Dirección Xeral da Mariña Mercante dependente do Ministerio de Fomento.
- Todas as normas e recomendacións que sexan aplicables para a seguridade e o correcto balizamento de zonas de baño e praias.

7. ACTUACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO A REALIZAR POR PARTE DO ADXUDICATARIO PARA LEVAR A CABO O BALIZAMENTO DAS PRAIAS.

As actuacións necesarias para levar a cabo o balizamento das praias reflectidas no apartado 2. do presente Prego, e que deberá realizar o adxudicatario do contrato de referencia ao inicio de cada tempada de verán, serán as seguintes:

- 1) Limpeza, acondicionamento, reparación e reposición (se fose necesario) do material de balizamento das praias reflectido na cláusula 3. do presente Prego.
- 2) Carga e transporte, dende os lugares onde está acopiado o material necesario para o balizamento das praias vinculadas ao presente Prego, ata cada unha das praias que se pretenden balizar.
- 3) Instalación dos mortos de fondeo necesarios para os balizamentos previstos no presente Prego, incluso cadeas e demais elementos de suxeición, fondeándoos nas diversas praias de acordo á distribución establecida na cláusula 4., ou segundo as directrices e indicacións que se establezan por parte dos Servizos Técnicos Municipais.
- 4) Instalación das boias, incluso os elementos de suxeición necesarios, fixándoas convenientemente aos mortos de formigón e ás corcheiras a instalar nas distintas praias, ata completar os balizamentos previstos no presente Prego.
- 5) Instalación das corcheiras e canais náuticos nas distintas praias, incluso os elementos de suxeición necesarios, fixándoas convenientemente as boias, ata completar os balizamentos previstos no presente Prego.
- 6) Todas aquelas actuacións que sexan necesarias para realizar o correcto balizamento das praias reflectidas no presente Prego.
- 7) Calquera discrepancia de carácter técnico que xurda na instalación dos balizamentos de referencia resolverase sempre de acordo cos criterios dos Servizos Técnicos Municipais.

8. MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO. REPARACIÓN E REPOSICIÓN DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO.

O adxudicatario realizará, ao seu cargo e durante a vixencia do contrato, o mantemento tanto preventivo como correctivo da totalidade dos balizamentos incluídos no presente Prego. **Inclúese a reparación e reposición dos elementos dos balizamentos que resulten**

deteriorados polo seu uso, roubos, actos de vandalismo, por efectos dos temporais, etc. O adxudicatario resolverá calquera continxencia que lle afecte á instalación dos balizamentos ou elementos asociados, nun prazo máximo de 48 horas dende o aviso efectivo.

9. RETIRADA, CARGA, TRANSPORTE, ACOPIO, ENTREGA, INVENTARIADO, GARDA E CUSTODIA DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS AO FINALIZAR CADA TEMPADA DE VERÁN.

Á finalización de cada tempada de verán realizarase, por parte do adxudicatario, a retirada, limpeza, reparación, reposición, carga, transporte, acopio, entrega e inventariado do material dos balizamentos obxecto do presente Prego, trasladándoo ata o lugar ou lugares establecidos ao efecto. O adxudicatario redactará unha acta onde se reflicta claramente o inventario da totalidade do material existente.

Dita acta será asinada polo adxudicatario e pola Administración contratante, previa comprobación do inventario do material existente por parte dos Servizos Técnicos Municipais.

A tal efecto e durante o tempo que vai dende a retirada do material de balizamento das praias ao final de cada tempada de verán ata a nova instalación ao inicio da seguinte tempada, durante o período de vixencia do contrato, o material de balizamento vinculado ao presente Prego estará debidamente gardado nunha zona segura aportada polo adxudicatario, protexido da intemperie e das condicións climatolóxicas adversas.

Os mortos de formigón, por motivos de operatividade na súa instalación, poderán ser depositados nun peirao preto das praias onde se instalarán os balizamentos. A obtención das autorizacións necesarias, así como o pago das posibles taxas e impostos que resulten da ocupación do dominio público portuario correrán a cargo do adxudicatario.

A garda e custodia deste material será responsabilidade única e exclusiva do adxudicatario, sendo que este deberá repoñer, ao seu cargo, a totalidade do material dos balizamentos que resulte danado por calquera causa (incluso fenómenos meteorolóxicos), afectado por actos de vandalismo, roubos, defectos na garda e custodia ou por calquera outra causa imputable ao adxudicatario.

10. ENTREGA Á ADMINISTRACIÓN E INVENTARIADO DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS. GARDA E CUSTODIA DO MATERIAL DOS BALIZAMENTOS ATA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO.

Á finalización da tempada de verán do 2016, o adxudicatario procederá á retirada, limpeza, reparación, reposición, carga, transporte, acopio, entrega e inventariado da totalidade do material dos balizamentos obxecto do presente Prego, clasificándoo axeitadamente para a súa identificación.

O adxudicatario redactará unha acta onde se reflicta claramente o inventario da totalidade do material existente, así como o estado do mesmo. Dita acta será asinada polo adxudicatario e pola Administración contratante, previa comprobación do inventario do material existente por parte dos Servizos Técnicos Municipais.

O adxudicatario farase cargo da garda e custodia, ATA O 2 DE XUÑO DE 2017, da totalidade deste material de balizamento.

Dito material estará debidamente gardado nunha zona segura aportada polo adxudicatario, protexido da intemperie e das condicións climatolóxicas adversas.

Os mortos de formigón, por motivos de operatividade na súa instalación, poderán ser depositados nun peirao preto das praias onde se instalarán os balizamentos. A obtención das autorizacións necesarias, así como o pago das posibles taxas e impostos que resulten da ocupación do dominio público portuario correrán a cargo do adxudicatario.



A garda e custodia deste material será responsabilidade única e exclusiva do adxudicatario, sendo que este deberá repoñer, ao seu cargo, a totalidade do material dos balizamentos que resulte danado por calquera causa (incluso fenómenos meteorolóxicos), afectado por actos de vandalismo, roubos, defectos na garda e custodia ou por calquera outra causa imputable ao adxudicatario.

O DÍA 2 DE XUÑO DE 2017, o adxudicatario entregará ao Concello de Sanxenxo a totalidade do material de balizamento, no lugar ou lugares que estableza a Administración contratante. Neste acto redactarse unha nova acta do material que se entrega.

A totalidade do material entregado neste acto por parte do adxudicatario á Administración; deberá estar limpo, acondicionado, reparado e repostos os elementos danados.

No caso de que se prorrogase o contrato, o adxudicatario asumirá a totalidade das obrigas inherentes ao mesmo ata o 2 DE XUÑO DE 2018 ou 2 DE XUÑO DE 2019, segundo proceda por mor da aplicación das posibles prórrogas.

11. VIXENCIA DO CONTRATO. INSTALACIÓN E RETIRADA DO BALIZAMENTO.

A vixencia do presente contrato comprende **UNHA (1) ANUALIDADE**, coa posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha delas, acoutada nos seguinte período:

- Do 2 de xuño de 2016 ao 2 de xuño de 2017.

A totalidade dos balizamentos das praias previstos no presente Prego, **deberán estar completamente instalados como data límite o 15 de xuño de cada tempada de verán e sendo a súa retirada total entre os días 15 e 30 de setembro de cada tempada, podendo ser este período de retirada ampliado segundo conveña á Administración contratante, non podendo nunca exceder do 31 de outubro de cada tempada.**

Si por motivos de forza maior, tales como a previsión de chegada de temporais ou fenómenos costeiros que poidan danar o material dos balizamentos ou por calquera outra causa debidamente xustificada, fose necesario proceder á retirada total ou parcial dos balizamentos antes das datas anteriormente sinaladas; poderase autorizar por parte do Órgano competente a retirada dos mesmos, previa solicitude por escrito do adxudicatario debidamente xustificada.

12. PRÓRROGA DO CONTRATO.

NO CASO DE QUE SE PRORROGASE O CONTRATO, O ADXUDICATARIO ASUMIRÁ A TOTALIDADE DAS OBRIGAS INHERENTES AO MESMO ATA O 2 DE XUÑO DE 2018 OU 2 DE XUÑO DE 2019, SEGUNDO PROCEDA POR MOR DA APLICACIÓN DAS POSIBLES PRÓRROGAS.

13. GARANTÍAS.

O período de garantía das instalacións e do material será pola totalidade da vixencia do contrato, así como o disposto ao efecto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, abarcando este punto a totalidade dos elementos que compoñen os balizamentos a instalar previstos no presente Prego.



14. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

De acordo ao establecido no art. 46 do RD 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da LCAP, para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario.

En canto á acreditación da solvencia técnica ou profesional dos licitadores, así como a súa clasificación no correspondente código CPV, deberase cumprir o disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado ao efecto e vinculado ao presente contrato.

15. REVISIÓN DE PREZOS.

Dada a natureza do servizo que se pretende contratar, onde a totalidade do material a empregar na realización dos balizamentos é de propiedade municipal, e dada a duración prevista do contrato (tres anualidades), estímase que non procede a revisión de prezos do contrato, todo elo ao amparo do art. 89 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

16. ORZAMENTO DE LICITACIÓN. FORMA DE PAGAMENTO.


O orzamento anual de licitación do contrato, SEN IVE, terá un importe de 66.115,70 €/ano. Engadindo a esta cantidade o 21% de IVE (13.884,30 €), resulta un importe anual do contrato de **OITENTA MIL EUROS/ano (80.000,00 €/ano), co 21% de IVE incluído.**

A forma de pagamento do contrato, dentro de cada anualidade, será a seguinte:

- 50% do importe de cada anualidade, á finalización efectiva da instalación da totalidade dos balizamentos en cada tempada, previo informe favorable aos mesmos emitido polos Servizos Técnicos Municipais.
- 45% do importe de cada anualidade, á retirada efectiva da totalidade dos balizamentos en cada tempada, previo informe favorable aos mesmos emitido polos Servizos Técnicos Municipais.
- 5% do importe de cada anualidade, vinculado a garda e custodia efectiva da totalidade dos balizamentos, rateado en oito (8) mensualidades (de novembro a xuño).

Sanxenxo, Marzo de 2016

Enxeñeiro Técnico Municipal


Asdo: José María Troncoso Viñas